



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 14 de agosto de 2019**

1. Apróbase a acta da sesión extraordinaria anterior, de data 31/07/2019.
2. Dáse conta da adxudicación á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Marín dunha subvención por importe de 2.033,35 euros, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.
3. Dáse conta da concesión ó Concello de Marín dunha subvención por importe de 7.998.50 euros, ao abeiro da *“Convocatoria de axudas para actuacións a desenvolver polos gobernos locais asociados á FEMP dirixidas a facilitar a posta en marcha de accións para fomentar a transversalidade de xénero na planificación e desenvolvemento das políticas locais, con especial incidencia naquelas que favorezan o liderado feminino, a creación, reforzamento e desenvolvemento de unidades e estruturas de igualdade municipais, o empoderamento das mulleres no ámbito local e a posta en marcha e/ou desenvolvemento de planes de igualdade no ámbito municipal”*, da Comisión de Seguimento constituída polo Instituto da Muller e para a Igualdade de oportunidades e a Federación Española de Municipios e Provincias, con destino ó proxecto denominado “Programa de Liderado e Empoderamento Feminino”.
4. Dáse conta das bases do Premio á innovación bibliotecaria de Galicia para o ano 2019, da Consellería de Cultura e Turismo.
5. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Iníciase o expediente de contratación de servizos para a “Redacción de estudio de detalle, redacción de proxecto e dirección facultativa da obra, así como a dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde para a construción dun equipamento socio cultural no municipio de Marín”, no marco da estratexia de desenvolvemento urbano sostible e integrado (EDUSI) Marín 2020, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) cunha taxa de cofinanciación do 80 %, dentro do eixo 12 do Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020,

A ALCALDESA,
María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E3000398F500T0H8X8W3Y6R9 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190235765
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 26/09/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 26/09/2019 13:30:48	Fecha: 26/09/2019 Hora: 13:30

